

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE MARZO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 18 de marzo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Dolores Sotelo Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5, 6 e 11b)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos (asiste ao punto 11a)
D^a. Marta Núñez Aboy, suplente do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 8, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entréganse os informes asinados polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías municipais e o xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas o 10 e 11 de marzo de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas o 11 de marzo de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe corrixido de data 16 de marzo de 2021. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 16 de marzo. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo lote 1	Prezo lote 2	Prezo lote 3
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	315.139,43 €	331.653,66 €	330.704,88 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	328.550,50 €	348.136,65 €	343.470,19 €
3	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	315.637,68 €	335.951,64 €	334.238,53 €
4	NAROM, S.L.	334.280,31 €	352.567,56 €	348.682,30 €
5	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	-	-	377.393,16 €

Asiste á apertura D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI **.88.75*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	345.415,35 €
2	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	378.788,56 €
3	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	379.670,05 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo
4	LAPATIÁN, S.L.	*
5	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	366.460,43 €

* No sobre C de Lapatián consta un arquivo denominado "oferta económica firmada" que contén o anexo II ao PCAP en lugar do modelo de proposición económica esixido na cláusula 14.2C do referido prego.

Asiste á apertura D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI **.88.75*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir deste procedemento a LAPATIÁN, S.L. por non presentar o a proposición avaliable mediante fórmula esixida na cláusula 14.2C do prego de cláusulas administrativas particulares.
2. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que en virtude do acordado na sesión do 8 de febreiro de 2021 se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

- GIGLON, S.L.
- KICK TICKETING, S.L.

Durante o prazo concedido, KICK TICKETING, S.L. presentou documentación para a xustificación da súa oferta. No entanto, GIGLON, S.L. presentou un escrito no que indican "De acordo a estos cálculos solo la oferta de "Kick Ticketing SL" incurre en presunción de anormalidad. Por tanto, no consideramos necesario presentar la documentación solicitada en el acta publicada hoy".

Detectado erro no informe sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, aceptado na sesión do 8 de febreiro de 2021, a Mesa aceptou un novo informe na sesión do 18 de febreiro de 2021 e acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. GIGLON, S.L.
2. KICK TICKETING, S.L.

Dado que KICK TICKETING, S.L. xa presentara documentación para a xustificación da súa baixa, podería optar por presentar nova documentación ou manter a documentación xa presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o prazo concedido, GIGLON, S.L. presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 8 de marzo de 2021 a técnica de Actividades Culturais e Educativas e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural emitiu informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen “[...] *Tal e como se establece no punto 3 do presente informe a empresa Kick Ticketing S.L. presenta na súa xustificación valores contradictorios entre a oferta presentada e a xustificación, xa que os cálculos se realizan sobre prezos máximos de licitación erróneos, polo tanto enténdese por non xustificada a oferta económica tal e como establece a cláusula 18.3 do PCAP.*

En canto a xustificación da empresa Giglon S.L., considérase que a mesa de contratación podería aceptar a xustificación de valores anormais ou desproporcionados presentado pola empresa, xa que no seu informe preséntanse desgloses pormenorizados e xustificantes como facturas proforma que garantirían a viabilidade da citada oferta[...].”

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de KICK TICKETING, S.L. por conter a súa oferta económica valores contradictorios ao abeiro do previsto na cláusula 18.3 do PCAP.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Actividades Culturais e Educativas e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 12 de marzo de 2021 de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Excluir deste procedemento a KICK TICKETING, S.L. por conter a súa oferta económica valores contradictorios ao abeiro do previsto na cláusula 18.3 do PCAP, segundo o informe emitido pola técnica de Actividades Culturais e Educativas e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 8 de marzo de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GIGLON, S.L.	96,59
2	MANANTIAL DE IDEAS, S.L.	88,73
3	CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES	18,90

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GIGLON, S.L. (B-86.410.198), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 3 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da "PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL E CARGOS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO", cun orzamento base de licitación 307.500 € (exento de IVE).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefatura do Servizo de Contratación de data 19/08/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de DOUSCENTOS VINTE MIL € (307.500 €.)

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo da partida orzamentaria 2210.1620500 e a súa bolsa de vinculación xurídica.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 19.218,75 €
 2021: 153.750,00 €
 2022: 134.531,25 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de febreiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.	92,00 puntos
2	VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS	83,89 puntos
3	GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	77,46 puntos
4	MAPFRE VIDA, S.A.	70,25 puntos
5	SURNE MUTUA DE SEGUROS	59,93 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. (A-28.007.748), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá presentarse a documentación acreditativa da habilitación profesional ("certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial previsto no artigo 40 da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., o día 12 de febreiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 26 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de abril de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. para que puidese emendala a documentación presentada mediante a presentación da seguinte documentación:

- "Solvencia económica: declaración do volume anual de negocios por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. Considerarase acreditada a solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos é, cando menos, igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato (cláusula 8.4.3º do PCAP).
- Solvencia técnica: o licitador presenta unha declaración de clientes con pólizas de vida con destinatarios privados, polo que para entender acreditada correctamente a solvencia técnica conforme as esixencias da citada cláusula 8.4.3º do PCAP, deberá achegar "os documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".
- Anexo IV do PCAP (designación de delegado do contrato e acordo de confidencialidade) esixido na cláusula 21.2 do PCAP".

Quinto.- Dentro do prazo concedido, o 15 de marzo de 2021, o licitador presentou nova documentación. Revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 18 de marzo de 2021, esta considerou que era correcta e acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 4 de febreiro de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. (A-28.007.748) o procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220) por un prezo total de 170.733,98 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:

- *Propón como prima anual do seguro 85.366,99 euros.*
- *Comprométese a outorgar ao Concello de Vigo unha participación en beneficios do 90%.*
- *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
 - *Subministro de cadeira de rodas en caso de Incapacidade Permanente Absoluta ata 3.000 euros*
 - *Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de Invalidez*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Absoluta por calquera causa ata 3.000 euros

- *Reembolso de gastos por prótese en caso de Invalidez Permanente Absoluta ata 3.000 euros*

- *Comprométese a incrementar as seguintes garantías aseguradas recollidas na cláusula 7 do PPT:*

- *Falecemento por accidente: 5.000,00 euros*
- *Falecemento por accidente de circulación: 5.000,00 euros*
- *Invalidez permanente absoluta ou grande invalidez por calquera causa: 5.000,00 euros*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO BALAIÓDOS" redactado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (397.485,15€) e data outubro de 2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o



contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (397.485,15€) sendo o importe correspondente ao IVE de 68.985,03 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Excluir deste procedemento a SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO, S.A.U.	95.87
2	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	83.52
3	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	74.83

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U., o día 3 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 16 e 17 de marzo, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 8 e 24 de febreiro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de marzo de 2021 de SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a ORECO, S.A.U. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos"*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(602-441) por un prezo total de 358.531,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.224,49 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 08:36	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA945-C9D437-E9E131-SKXNBV-FUH1BK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		